



O curso de nivelación e proba de conxunto obrigatorios para a solicitude individual de equivalencia de títulos de formación non universitaria ao de diplomado en educación social regúlase pola Resolución Reitoral do 7 de decembro de 2004, na que se recollía un prazo de matrícula durante o mes de decembro. Non sendo preciso este curso establecer un prazo de matrícula especial., esta Reitoría

RESOLVEU:

ÚNICO.- Os alumnos do curso de nivelación e proba de conxunto obrigatorios para a solicitude individual de equivalencia de títulos de formación non universitaria ao de diplomado en educación social deberán formalizar a súa matrícula durante o período ordinario de matrícula, ata o 31 de outubro, na Unidade de Xestión Académica do Campus Sur.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2005

O REITOR

Senén Barro Ameneiro

SR. SECRETARIO XERAL - SR. VICERREITOR DE ORGANIZACIÓN ACADÉMICA E PROFESORADO –
SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN
ACADÉMICA – SRA. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN DE OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA -
SR XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTOR/A OFICINA DE INFORMACIÓN
UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA – SR/A. XEFE DA UNIDADE DE
XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR – OFICINA DE ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS.